

La Campaña

semanario anarcosindicalista - información y debate anarquista
 Edita: Sindicato Único de Trabajadores Solidaridad Obrera de Pontevedra de la CGT



VII Época - Núm. 107 Pontevedra, día 27 de Abril de 2026
 información@revistalacampana.info www.revistalacampana.info

Editorial

Te han sitiado corazón
 y esperan tu renuncia.
 Los únicos vencidos, corazón,
 son los que no luchan.
 No te entregues, corazón libre.
 No te entregues.

Rafael Amor

Hay un Planeta del Capital y la Guerra, de la explotación social y laboral, del simulacro de orden y razón enajenada del poder de algunos, pocos, sobre otros, la gran mayoría ... tan cierto como hay un Planeta en el que habitan decenas, cientos de millones de personas que se defienden y luchan contra esos males que sufren.

En el día de ayer, un oscuro intento de magnicidio (mejor denominación sería neciicidio, por ser atentado a un poderoso necio) de un genocida y asesino orgulloso de sus colosales atrocidades, ha despertado el lagrimón fingido y oportunista de los jerarcas occidentales del mundo. Sin embargo, la mascarada mediática internacional fabricada sobre este suceso, no puede distraernos del truculento hecho de que el gasto militar mundial hubiese alcanzado en 2025 los 2,887 billones de dólares -lo que representa un aumento de casi el 3% (2,9) respecto a 2024- y que España entrase en el grupo de los quince países del mundo que más gasto militar tienen y lo hace en una proporción mayor que cualquiera de ellos: un 50% con respecto a 2024, hasta los 40.200 millones de dólares. Este incremento en 2025 de la carga militar alcanzó en España el 2,1% del PIB, frente al 1,1% de 2016.

[continúa en la pág. 3]

Editado por el Sindicato Único de Trabajadores
“Solidaridad Obrera” de Pontevedra de la CGT

Séptima Época. Núm. 107. Se imprime el
27 de abril de 2026 [DL PO-433-95]

Redacción: c/Pasantería, 1-3ª Pontevedra
Teléfono móvil: 689 49 55 33

Correspondencia: rúa Pasantería 1 - 3ª
(36002) Pontevedra

mail: informacion@revistalacampana.info
www.revistalacampana.info

Buzón de La Campana: 1 de Maio 2026.
Manifestacións en Galicia. Pág. 2

Editorial: Para sostener semejante orden y
dispendio militar habrá que continuar ma-
tando, encarcelando, ejecutando genocidios
... y, también, cegando, ensordeciendo ... a
millones de personas. Pero, aunque se apli-
quen (a ello) con gran aparato ... resultarán
impotentes para evitar el día que ha de venir,
cuando los hoy sentenciados pongamos punto
final a su mascarada. **Portada y pág. 3**

Conflictos colectivos: A enfermidade e
a morte estrutural dun sistema organiza-
do. ERE que ERE en empresas con benefi-
cios. **Págs. 4 y 5**

Debate: Flotilla camiño a Gaza. En lembran-
za da folga das *misteiras*, no 125 aniversario
dos sucesos de 1901. **Págs. 6 y 7**

Debate al rojinegro: XII Xornadas Liber-
tarias. Abril-Maio 2026. Pontevedra. Ante
el XX Congreso de la CGT: ¿Aún es evi-
table que lo que mal empezó y mal continúa,
mal acabe? / 4 **Págs. 8 y 9**

Poesía: AMALIA IGLESIAS SERNA:
“Tumba de pájaro” y “Ceniza”. **Pág. 10**

Cine: EL SENDERO AZUL, de Gabriel
Mascaro. **Pág. 11**

Memoria libertaria: 1925: MATANZA DE
LA CORUÑA (CHILE). La cruenta lucha
de los poderosos contra la reivindicación de
la jornada de ocho horas, el pan, la salud y
la dignidad obreras. **Pág. 12**



1º DE MAIO 2026 MANIFESTACIÓN EN GALICIA

Manifestación 1º de Maio na Coruña

No marco do Día Internacional da Clase Tra-
balladora, os sindicatos CNT, CGT, CUT e Sindicato
de Elevación convocan unha manifestación unitaria
na cidade da Coruña baixo o lema “Contra a guerra e
o empobrecemento social”. Saída ás 12:30h na Praza
de Pontevedra.

Neste día de loita e reivindicación para cons-
truír unha sociedade máis xusta, a clase traballadora
sairá ás rúas para denunciar a crecente explotación
laboral, a crise da vivenda que nos expulsa dos nosos
fogares, o xenocidio en Palestina, a violencia patriar-
cal, así como un sistema capitalista que perpetúa as
desigualdades, a guerra e as súas consecuencias sobre os pobos.



Manifestación 1º de maio en Ourense

Convocada unitariamente polas organiza-
ción sindicais CGT, CNT, CUT, STEG e Sindi-
cato Ferroviario-Intersindical, a manifestación do
1º de maio en Ourense, co lema “Só unha clase:
a clase traballadora internacionalista, antiimpe-
rialista e antifascista” sairá as 11:00h da Ponte
Romana.

Manifestación 1º de maio en Pontevedra

Baixo o lema “Máis dereitos e menos pri-
vilexios. Nin guerra nin capitalismo”, o Sindicato
Único de Trabajadores ‘Solidaridad Obrera’ (SUT-
SO) de Pontevedra-CGT convoca manifestación o
1º de Maio, con saída ás 13:00h dende o Hospital
Provincial e remate nos xardíns da praza de España,
o pé da oliveira prantada en abril de 2024 por CGT e
Pontevedra con Palestina en homenaxe a resistencia
do pobo palestino e contra o xenocidio, fronte a sub-
delegación do goberno.



Manifestación 1º de maio en Vigo

O programa do 1º de Maio de CGT Vigo, inclúe, ás 11:00h, manifes-
tación unitaria do sindicalismo alternativo, co Sindicato Ferroviario e a CUT,
dende Praza Fernando o Católico por Urzaiz. As 13:00h, xantar reivindicativo
na sede do sindicato.

Editorial

[viene de la portada]

Según el Informe del Instituto Internacional de Investigación para la Paz de Estocolmo hecho público este mismo lunes, en 2025 el gasto militar creció en prácticamente todas las grandes regiones del mundo. Se trata de una ingente *inversión económica* de fondos estatales que nace alentada por las exigencias de las grandes corporaciones del capitalismo belicoso. Sean los sectores financieros (la denominada *Banca armada*) o las colosales agrupaciones empresariales (enteramente privadas, estatales o mixtas) de la industria y la investigación militar o los grandes consorcios multinacionales del comercio de pertrechos y armas para la guerra.

Hoy por hoy, los consejos de administración de estas entidades -enajenados por la pasión del lucro y del poder que a él está siempre asociado- asisten emocionados ante las enormes expectativas de negocio que pone a su disposición la rivalidad bélica y la carrera armamentística. Y, sobre todo, ante la garantía de éxito seguro para sus chequeras que supone el autoconvencimiento doctrinario de las cúpulas políticas de los estados nacionales más poderosos, conforme la posición que cada Estado ha de ocupar en el escalafón jerárquico del orden internacional debe depender del poder militar que se disponga y de la voluntad cierta de estar en disposición y voluntad de usarlo, por más sangre, horror o miseria que produzca. Bajo este prisma ideológico -hoy asumido como uno de los principales, sino el principal, factor regulador del orden geopolítico-, el rango alcanzado en esa escala, es lo que permitirá a cada país sicario obtener la *autorización* de los más poderosos para poder emplear la fuerza, la violencia o la corrupción y, con ello, acceder a los recursos que ofrece la naturaleza susceptibles de ser transformados en dinero capital -minerales, suelo, agua, fauna, flora, deseos, necesidades ... incluso seres humanos previamente estigmatizados como mercancías o tildados de 'recursos' a disposición-, estén en el propio territorio o en país ajeno.

Para garantizarse su puesto de preeminencia en ese ranking, Estados Unidos, reafirmandose en su condición de brazo armado del capitalismo democrático-occidental, sigue siendo el número uno en gasto militar (y también en ventas), la gran mayoría forzadas. También Europa experimenta un fuerte incremento, con una subida del 14% de su inversión belicista.

Estas cifras confirman la tendencia hacia un mayor militarismo y acciones bélicas en el planeta. Lo que viene confirmándose desde tiempo atrás. 2025 es el undécimo año consecutivo en que se produce el incremento mundial del gasto militar, con un crecimiento de la carga militar global hasta un 2,5% del PIB, su nivel más alto desde 2009.

Esta decisión militarista gravita y gravitará con mayor fuerza en los próximos meses sobre la economía social de todos los países implicados. Se gastarán ingentes cantidades de dinero para producir nada (pues menos que nada, es producir miedo, muertes y devastación) y se volcará el esfuerzo productivo de millones de personas en el pozo sin fondo del militarismo. Esfuerzo y trabajo que, inevitablemente, se restarán a la solidaridad y a la atención de las necesidades y servicios sociales.

Claro está que, para que este truco siniestro funcione, les es necesario a los poderosos, construir al mismo tiempo que su riqueza y poder, la impotencia, la indefensión, la geografía tricontinental del hambre, la miseria y pobreza extremas, en la que habrán de residir más de dos mil quinientos millones de personas, malviviendo en condiciones paupérrimas. No teniendo otra escapatoria que la huida, si es posible, la resignación si es soportable, la bandería deshumanizada si es sufrible, la esperanza fatua si es veraz o, en el más humano de los casos, el valor y el arraigo suicidas frente al opresor y el asesino. Pues, al fin y al cabo, es ley de vida luchar contra la muerte.

Como ya ha editorializado **La Campana** hace tiempo, construir semejante orden y dispendio militar no resulta fácil ni incruento. Para sostenerlo habrá que continuar matando, encarcelando, ejecutando genocidios y crímenes de lesa humanidad, torturando, aterrorizando y, también, cegando, ensordeciendo ... a millones de personas en todas partes y en todo tiempo. Y aunque los jefes de tan horrible tinglado, así como sus servidores locales ... se apliquen a ellos con gran aparato y siniestra pompa, resultarán impotentes para evitar el día que ha de venir, cuando la reclamación de los hoy sentenciados pongamos punto final a su necesaria mascarada.

A ENFERMIDADE E A MORTE ESTRUCTURAL DUN SISTEMA ORGANIZADO

Un **traballador de 28 anos**, de orixe brasileira e veciño do municipio luso de Monção faleceu na mañá deste mércores 22 no municipio de Covelo esmagado por un eucalipto. Segundo os datos confirmados pola Garda Civil, o home formaba parte dunha empresa que estaba a levar a cabo traballos de tala na zona. Nada máis podemos extraer da prensa, non só da do réxime, máis que o protocolario “os equipos de emerxencia só puideron constatar a morte do traballador” que converte o evitable en inevitable, normalizando e agachando a sangría nas páxinas de sucesos.

Outro caso, esta vez tratado como accidente de tráfico, atopámolo rastreando a prensa. Un traballador de 48 anos, veciño de Vigo e identificado coas iniciais I. F. R., perdeu a vida este mesmo mércores 22 ao ser arroiado na estrada PO-531 que conecta Pontevedra con Vilagarcía, mentres traballaba no polígono de O Vao. Non se precisou se estaba vinculado as obras de ampliación do parque empresarial que se desenvolven nas inmediacións do lugar onde se produciu o accidente, aínda que distintas fontes apuntan nesa dirección. O condutor do camión que atropelou ao traballador foi detido e ingresou en prisión por un presunto delito de homicidio.

A clase obreira pontevedresa segue muda ante este fatal estrago.

Xa fóra de Galiza, as seccións sindicais de LAB e CGT en Volkswagen Navarra convocaron unha folga de 24 horas na factoría de Landaben para o próximo martes 28 de abril, o Día Internacional da Seguridade e a Saúde no Traballo, contra os reiterados incumprimentos por parte da empresa da Lei de Prevención de Riscos Laborais; contra a realización de horas extraordinarias; contra o deterioro das condicións de traballo; e en defensa da seguridade e a saúde no traballo. CGT detallou os datos da Memoria Sanitaria de 2024 da factoría -a última publicada-: 258 accidentes de traballo con baixa; 18 enfermidades profesionais recoñecidas con baixa; 1.272 asistencia en fisioterapia (consultas, sesións de tratamento e seguimento); 779 asistencia psicolóxicas sen especificar as causas que as provocan; 254 persoas especialmente sensibles; 884 persoas aptas con restricións dos exames médicos realizados ao 80% do persoal; e 6.260 asistencia por continxencia laboral. O sindicato lembrou que “o 28 de agosto de 2025

no taller de montaxe faleceu un compañeiro que se desvaneceu xunto a unha liña. A situación que se viviu foi surrealista. A pesar da gravidade que entrañaba, pois se estaba tratando de reanimarlle alí, tirado no chan, as cadeas seguiron andando ata que chegou o descanso, dando mostra da deshumanización que impera en quen dirixe os equipos de traballo en VW”.

Como sinalaba a anterior editorial de **La Campana**, a sinistralidade laboral mortal non é máis que a punta do iceberg dun mal que provoca cada ano miles de lesións corporais e psíquicas, mutilacións, danos irreparables e secuelas. Tamén este mesmo mércores 22 de abril a OIT admitiu que máis de 840.000 persoas morren cada ano por problemas de saúde vinculados con riscos psicosociais como longas xornadas de traballo, inestabilidade laboral ou acoso. Estes riscos están vinculados a doenzas como as enfermidades cardiovasculares ou os trastornos mentais. A OIT tamén calcula que as enfermidades, discapacidades e mortes prematuras provocadas por un traballo mal deseñado ou xestionado, con altos niveis de esixencia, longas xornadas ou inseguridade laboral, producen anualmente perdas equivalentes a 45 millóns de anos de vida saudable. “*As grandes transformacións do mundo do traballo, incluídas a dixitalización, a intelixencia artificial, o traballo a distancia e as novas formas de emprego están reconfigurando a contorna de traballo psicosocial, o que pode intensificar os riscos existentes ou crear outros novos*”, advirte a OIT. O informe, elaborado con datos da Organización Mundial da Saúde (OMS), alerta do crecente impacto da xestión do traballo na seguridade e saúde dos traballadores.

Os riscos psicosociais, conclúe a OIT, “*poden previrse mediante enfoques organizativos que aborden as causas estruturais destes problemas*”. Sen embargo, a OIT elude esas “*causas estruturais*” e eses “*enfoques organizativos*”, como si abordan as compas da Fesibac, a Federación bancaria da CGT, “*Non é un fallo do sistema; é o seu deseño... A saúde mental no traballo non é unha cuestión de resiliencia individual nin de programas de mindfulness corporativo. É unha cuestión de poder: de quen decide os ritmos, as cargas e as condicións en que se traballa*”.

ERE QUE ERE EN EMPRESAS CON BENEFICIOS

Ainda que en solitario, a concentración diante das oficinas de ABAI na Coruña, na xornada de folga polo ERE, convocada exclusivamente pola CGT o pasado luns 20 de abril, realizouse con notable éxito de seguimento. As traballadoras da empresa de telemarketing Abai Teleservicios, coñecida ata hai uns meses como Atento antes da súa adquisición, secundaron o paro de 24 horas e a concentración ante as oficinas que ABAI ten no barrio coruñés de Matogrande. CGT rexeitou desde o primeiro momento o ERE ao considerar que as causas alegadas pola empresa son falsas e que esta manobra xa estaba planificada mesmo antes da compra de Atento. Este ERE forma parte dunha estratexia da dirección da compañía orientada a reducir ao mínimo os cadros de persoal en España para, posteriormente, deslocalizar os servizos de atención ao cliente cara ás plataformas que a empresa posúe en Latinoamérica onde as condicións laborais aínda son peores. O sindicato sostén que, “cos máis de 150 despedimentos expostos, a empresa pretende sobreexplotar aínda máis ás traballadoras que permanecen nos centros de traballo e recorrer a empresas de traballo temporal para cubrir vacantes de forma máis barata e en condicións laborais máis precarias”. Ademais “a carga de traballo continúa sendo elevada, ata o punto de que moitas traballadoras enferman por este motivo”, apunta a sección sindical coruñesa.

Así mesmo, a CGT critica que “a lexislación laboral favorece ás empresas e considera inadmisíbel que unha multinacional con beneficios, que ademais acaba de adquirir outra compañía, poida presentar un ERE”. Ademais da lexislación laboral, Abai conta coa complicidade das corporacións sindicais que mercadearon o prezo deste ERE que finalmente asinaron o 22 de abril. As corporacións, UGT, USO e STC, -este último, unha corporación de sector que ofrece “ofertas” de oftalmoloxía, Banca ou Seguros como principais atractivos na súa web, onde a acción sindical está ausente- fixaron o prezo nun miserento 28 días de indemnización por ano traballado cun tope de 16 mensualidades. Con total inconsciencia, debida a aldraxe con quen representan, nin tan sequera concretaron quen e cantas persoas van ser despedidas. Para CGT ábrese así “o camiño para futuros despedimentos masivos”.

A Sección Sindical Estatal de CGT na Cruz Vermella española informa que, catro meses despois

do anterior que asinou xunto a UGT, a empresa «humanitaria» con superávit chama aos sindicatos a consultas sobre un novo ERE. O novo proceso de ERE afecta a un total de 66 traballadoras/es das provincias de Almería, Barcelona, Burgos, Girona, Granada, Huelva, Jaén, As Palmas de Gran Canaria, Málaga, Salamanca e Tenerife. A sección da CGT denuncia a deriva que está a tomar a dirección de Cruz Roja, “con ERES anuais (xa nin iso, cuatrimestrais), unha negativa e bloqueo da negociación colectiva, un continuo desgaste do persoal, sumando a incerteza e a ansiedade polo futuro laboral, a imposibilidade de desenvolvemento e carreira profesional, o burnout que afecta a gran parte das persoas traballadoras, a imposibilidade de conciliar a nosa vida familiar, loitar contra a pobreza con salarios de miseria, cando os altos cargos e directivos da entidade reciben salarios obscenos”. Ademais lanzan unha mensaxe de solidariedade, “ningunha persoa traballadora vai estar soa neste proceso, imos loitar por protexer os dereitos laborais de todas, na súa defensa temos que estar todas”. A sección tamén prepara o terreo, “o camiño non pode ser outro que a loita e a organización. O apoio mutuo é a nosa ferramenta máis poderosa!!!”

O xoves 23 de abril comezou o proceso de despedimento colectivo en Capgemini España. Capgemini S.A., é a primeira corporación multinacional francesa de servizos de consultoría tecnolóxica, con sede en París, e a sexta mundial do sector. Capgemini volve ás andadas, volve aos EREs dos que abusou a partir do 2008, e “demostrando con esta nefasta xestión que lle importan ben pouco os seus traballadores”, sinalan dende a sección sindical da CGT, advertíndolles que “moi sibilamente a empresa quere dividirnos, sinalando aos marxinados que van ser afectados. É unha lista negra artificial que levan manexando ao seu antollo desde hai meses e que van seguir manipulando, pódénche sacar dun proxecto dun día para outro e sen ningún motivo, pasou en EREs anteriores e vai volver a pasar”. Para a sección “os despedimentos non son a solución. O problema segue sendo o dunha estrutura enorme, ineficaz e desproporcionada, os pagos de bonus aos directivos e os dividendos millonarios aos accionistas”. Finalmente chaman a atención sobre que “este proceso aféctanos a todas as persoas desta compañía e debemos actuar de xeito conxunto contra el”.



FLOTILLA CAMIÑO A GAZA

*Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos soños son igoales,
coma un irmáu che falo.*
Celso Emilio Ferreiro

Cando os gobernos de países que se autodenominan civilizados permiten o xenocidio do pobo palestino, convértense en cómplices do mesmo, cando seguen mantendo as relacións diplomáticas e comerciais co país xenocida e cando mercadean con eles armamento, outorgan o apoio que o goberno xenocida necesita.

En Palestina consentiuse que se violaran todos os tratados internacionais de defensa dos dereitos humanos, que se roubasen as mellores terras, os mananciais, os recursos naturais, que se botase às palestinas e palestinos das súas casas e que se realizase unha limpeza étnica.

Permítese que se massacre á poboación civil desarmada, que se bombardeen hospitais e tendas de campaña cheas de persoas, que francotiradores se entreteñan asasinando a meniñas cando van buscar comida, que persoal sanitario e periodistas sexan obxectivos de guerra, que haxa detencións arbitrarias e se utilice a tortura e a violencia sexual de xeito sistemático.

Cando todas estas atrocidades se cometen de xeito impune, as palabras como xustiza, igualdade, dereitos ou humanidade deixan de ter significado.

Cando os hipócritas países europeos, e a maioría dos do resto do mundo mira para outro lado ante a terrorífica situación que sofre o pobo palestino, é a sociedade civil concienciada a que reacciona e sae à rúa exixindo xustiza. Levamos moitos anos reclamando a liberdade do pobo palestino desde diferentes partes do mundo. Da coordinación desas loitas nacen as accións conxuntas internacionais onde activistas de diferentes países xuntámonos, deixando a un lado as diferencias, e organizamos accións como as Flotilhas ou as marchas por terra.

E nestas andamos. O 12 de abril saíu do porto de Barcelona a Flotilla máis grande das organizadas até o momento, 39 barcos, con tripulacións de diferentes países, aos que, en Sicilia se unirán barcos procedentes



de Francia e de Italia, máis adiante, ao achegarnos a Grecia tamén se unirán barcos gregos e por último sumaránse os barcos de Turquía, cos que entre todos, formaremos unha Flotilla de máis de cen barcos en dirección a Gaza coa firme intención de rachar co bloqueo marítimo imposto por Israel desde o ano 2007, entregar a axuda humanitaria que transportamos, e transmitir ás nosas irmás e irmaos palestinos unha mensaxe de solidariedade, esperanza e humanidade.

Nos nosos barcos tamén viaxan os corazóns e a solidariedade de todas as persoas que nos apoian desde os nosos países de orixe, e por suposto, das compas que traballaron e seguen a traballar desde terra para que esta acción sexa posíbel e teña visibilidade. Tamén viaxa con nós a ilusión e a solidariedade de moitas meniñas e meniños de Galiza e Cataluña, que estiveron a recopilar mochilas con material escolar e de abrigo para as meniñas e meniños palestinos.

Ao mesmo tempo, que avanza a Flotilla, nestes días sairá unha marcha por terra, onde se xuntarán persoas de diferentes nacionalidades e que percorrera varios países árabes desde Argelia ata Gaza, onde coincidiremos todas para reivindicar unha Palestina libre, desde el río ata o mar.

*Duarte Ferrín (Edi)
navegando cara Gaza fronte as costas de Tunes*

EN LEMBRANZA DA FOLGA DAS “MISTEIRAS”, NO 125 ANIVERSARIO DOS SUCECOS DE MAIO DE 1901

O pasado domingo 19 de abril preto de medio cento de persoas concentráronse nun un acto de lembranza da loita das misteiras coruñesas, no arranque dos actos do 125 aniversario dos sucesos de maio de 1901.

Ao longo do presente ano será desenvolvido un programa de eventos co obxectivo de lembrar como o 31 de maio de 1901, as Sociedades obreiras da Coruña foron quen de deter por tres días a vida económica da cidade cunha folga xeral en mostra de loito, solidariedade e condena polo asasinato dun folguista a mans da *Guardia civil* na tarde anterior, durante a coñecida como *folga dos consumeiros*. Este programa de actos está impulsado polo Ateneo Aurora e o colectivo Refuxios da Memoria, coa participación das organizacións anarcosindicalistas CGT e CNT, colectivos libertarios como Naide ou Xesta, así como a editorial anarquista Bastiana.

O acto principiou cun percorrido histórico polos feitos no que foi subliñada a importante presenza de traballadoras nas factorías coruñesas na altura de finais do século XIX e inicios do século XX, coas *cigarreiras* da Fábrica de Tabacos, as *tecedeiras* das fábricas de tecidos, as operarias de fábricas de salgadura e conserva... e mailas traballadoras das fábricas de mistos, as *misteiras*, entre outras.

Lembrouse como as operarias da factoría de mistos *La Vasco Galaica*, que fundara en 1871 o empresario vasco Enrique Zaragüeta na zona de Castiñeiras, integráronse en marzo de 1901 na *Sociedade de Oficios Varios* da *Federación Local Obrera* coruñesa. Plantexadas as súas demandas de melloras salariais e de condicións de traballo, xunto coa readmisión dun militante obreiro despedido, o 15 de abril de 1901 comezaron unha folga, secundada masivamente, que paraliou totalmente a factoría. Cando a empresa trata de rachar a folga traendo caixas de mistos doutras factorías, as traballadoras impiden



que as caixas saian da estación do ferrocarril achegándose a cidade a unha situación de desabastecemento. A folga continuou ata que o 19 de maio a empresa acepta as bases que foran presentadas pola Sociedade obreira.

Naqueles días, ninguén sabía a treboada de represión que estaba a piques de desatarse contra o movemento obreiro coruñés. O 30 de maio, durante unha concentración obreira, os disparos da *Guardia civil* causan a morte a Mauro Sánchez, *consumeiro* en folga. Logo da morte de Mauro, as sociedades obreiras chamaron a clase obreira coruñesa a secundar unha folga xeral de tres días en demostración de loito, condena e solidariedade. O paro é secundado masivamente e a actividade académica da cidade queda totalmente paralizada o día 31 de maio. Pola tarde, unha multitude de traballadoras e traballadores acompañan pacificamente ao cemiterio o cadáver do compañeiro asasinado. Declarado o estado de guerra, coas tropas patrullando polas rúas, o exército e a *Guardia civil* disparan sobre a multitude que regresaba do cemiterio, deixando sete vidas máis segadas e ducias de feridos e feridas. De seguido, as sociedades obreiras foron suspendidas, clausurados os seus locais sindicais e apresados os seus militantes e centos de traballadoras e traballadores.

Cando hai xa 125 anos de aqueles feitos, coñecidos despois como os sucesos de maio, recuperamos un importante episodio da memoria da clase obreira coruñesa coa finalidade tamén de tomar exemplo da capacidade de organización e de resistencia daquelas *misteiras* para sermos quen de incorporalas nas nosas loitas de hoxe e de mañá, pois seguimos a prender a chama da rebeldía na procura da xustiza social e a liberdade.



Francisco Ascón
Ateneo Aurora

MÁIS DEREITOS E MENOS PRIVILEXIOS NIN GUERRA NIN CAPITALISMO A REIVINDICACIÓN E A LOITA CONTINUÁN

XII Xornadas Libertarias - Pontevedra Abril - Maio 2026

LUNS, 27 Abril, 20:00 h

"50 ANOS DE ANARCOSINDICALISMO EN PONTEVEDRA"

Sindicato Único de Trabajadores "Solidaridad Obrera" de Pontevedra

Ponencia e presentación colectiva

Local de CGT. r/ Pasantería, 1 - 3ª

MARTES, 28 Abril, 20:00 h

"A TRAXEDIA DE CHICAGO" de RICARDO MELLA

Orixe e razón da celebración internacional do 1º de Maio

Ponente: Miguel Ángel Cuña

Local de CGT. r/ Pasantería, 1 - 3ª

MÉRCORES, 29 Abril, 20:00 h

Proxección: "LA GRANDE ILLUSION" de Jean Renoir

Presentación e Coloquio posterior

Sala VerSus (Xerardo Álvarez Limeses, 12)

XOVES, 30 Abril, 20:00 h

"O ANARQUISMO FRONTE A GUERRA O CONGRESO DA PAZ DE FERROL EN 1915"

Ponente: Eliseo Fernández

Local de CGT. r/ Pasantería, 1 - 3ª

VENRES, 1º MAIO

MANIFESTACIÓN

13:00H (diante do Hospital Provincial)

Organizan:

La Campana

CGT



ANTE EL XX CONGRESO DE LA CGT

¿Aún es evitable que lo que mal empezó y mal continúa, mal acabe? / 4

De *trapichería en trapichería*, de insensatez en insensatez, cuando no de fraude en fraude ... continúa la CGT su acelerado declive hacia un Congreso, en el que ya apenas será posible restaurar la grave fractura provocada en la organización en estos tres últimos años y articular un procedimiento que logre mantener unidos todos los sindicatos y entes confederales en el proyecto anarcosindicalista que nos es propio, adecuándolo a las necesidades y circunstancias de la acción sindical y social actual.

El penúltimo episodio de esta derrota, ocurrió en la última Plenaria de la CGT (10 de abril de 2026), cuando se aprobó el Orden del día del XX Congreso Confederal del modo en que se hizo. No solo vulnerando de modo flagrante lo que señalan los estatutos y Reglamento de Congresos, sino ofreciéndose el Comité confederal, una vez más, como una infeliz parodia de sí mismo, sometiéndose voluntariamente sus miembros al autoritarismo impropio del que vienen haciendo gala el Secretario general y sus acólitos. **Estos fueron los hechos:**

Hechos previos a la Plenaria del 10 de abril– El 19.02.2026, el SG de CGT incluyó en la convocatoria del Congreso “un orden del día provisional”, al tiempo que anunciaba el plazo previsto de quince días para que los sindicatos pudiesen aportar propuestas para el Orden del Día definitivo que habría de ser elaborado en la próxima Plenaria, anunciada para el 10 de abril.

Poco después, el 12 de marzo, el Secretario general, Miguel Fadrique, distribuyó una circular en la que informaba que 65 sindicatos habían enviado, en tiempo y forma, una propuesta para el Orden del Día del Congreso, que resolviese la grave crisis orgánica actual. A pesar de ello, el SG, basándose en argumentos falaces y arrogándose la potestad de despojar de sus derechos estatutarios a los 65 sindicatos proponentes, decidió que la propuesta no sería incluida en el Orden del Día. De este modo, reproducía el mismo atropello que viene ejecutando contra la Territorial de Galicia, amparándose en la apariencia de impunidad que le otorga la actitud silente y cómplice de la mayoría de los miembros del Comité confederal.

En esta ocasión, a mayor despropósito, el SG incluyó en la documentación enviada a la organización comunicaciones originales de algunos sindicatos -entre ellos del SOV de Coruña y SUTSO de Pontevedra- previamente mutiladas y falsificadas. Esta falsificación de documentos públicos -considerada delictiva y reprochable en cualquier instancia- fue consentida, disculpada y amparada por los miembros del Comité confederal pese a la denuncia del SG de Galicia, entre otros.

Última Plenaria del Comité confederal (10.04.2026) – Llegado el punto 6 del Orden del día: “Elección y aprobación del orden del Día del Congreso”, sucedió lo inaudito.

El Comité confederal -con la sola excepción del SG de Galicia, que se negó a participar en lo que calificó de lamentable mascarada que vulneraba tanto los estatutos de la CGT como la columna vertebral de su definición anarcosindicalista-, no solo amparó y se enfangó en la censura ejercida por el SG a los 65 sindicatos de diferentes Territoriales sino que, además, en el colmo del agravio orgánico, renunció en el mismo acto a su función estatutaria de elaborar por sí mismo el Orden del Día del Congreso, limitándose a votar sin debate previo las ocurrencias del Secretario general y SP. Por otra parte, formuladas en un documento sin firma ni sello ni cabecera identificativa alguna.

Como un ejemplo más del torpe delirio orgánico que entorpece al Comité confederal, baste señalar lo sucedido respecto del punto (8) ahora incluido de “Estatutos”. Este punto, ni siquiera se votó, ni fue mencionado por Confederación Territorial alguna, obteniendo, por tanto, 0 votos, afirmativos o negativos, y 0 abstenciones en la celebrada pantomima **electoral** (así enuncian el punto, “**Elección** y aprobación” del Orden del Día, en lugar de “**elaboración** y aprobación”, que es lo reconocido en los Estatutos).

Resultado: Un Orden del Día completamente ajeno a “las necesidades del movimiento obrero y de la CGT” y en el que no constan “los puntos aportados por la mayoría de los sindicatos”. Lo que el art. 4 del Reglamento de Congresos establece como un imperativo inexcusable

Por más que algunos, acaso más lúcidos que este Colectivo, piensen que a estas alturas ya no cabe otra posibilidad que debatir el cambio de figurantes en la Secretaría general y SP y elegir el mal menor, mantenemos que sólo la participación consciente y libre de los sindicatos -única voz en el Congreso- podrá poner las cosas y a cada cual en su sitio. Que, como siempre y hasta el ayer reciente ha sido, adoptarán sus decisiones de abajo arriba, sin jefes, ni burócratas que traten de imponerse a quien no les otorgó semejante poder. Hemos de ir al Congreso, aportar ponencias a cada uno de los puntos, en particular, a los puntos de “Gestión del SP” y “Organización” (en el que cabe valorar la crisis orgánica, que pretendieron escamotear con la censura a 65 sindicatos) y, si cabe, “Estatutos”.

Colectivo Justo Fierro
(SUTSO de Pontevedra-CGT)

TUMBA DE PÁJARO

La hierba fulgura más verde que anteayer
y me he acercado.
Al abrigo de los matorrales
un pequeño jardín se sabe dulce alegoría de la muerte.
Como entonces se escucha

un sonido encandilado de élitros
y el viento norte pasa diciendo que no hay nadie.
Veo ahora una niña antigua,
me reconozco en sus dos manos lentas
mientras pliegan las alas mudas en un hueco de tierra
y se inventa una oración
que habla de libertad y cielo azul para mañana
y dice algo de volar muy alto
mientras pasan las yemas de sus dedos
modelando una tumba.
Las mismas yemas de mis dedos
después de veinte años,
húmedas entre la hierba certifican:
no hay cicatriz ni sombra de la herida.
Cuando levanto la vista
la niña se ha marchado.

AMALIA IGLESIAS SERNA

(Menaza, Palencia, 1962)

Filóloga y poeta, su obra poética abarca al menos cinco libros, entre ellos Un lugar para el fuego (1984) y (1994). El sueño y anhelo libre de la niña se han ido, nadie sabe cómo ni cuándo, la Memorial de Amauta herida se esconde, “sin cicatriz ni sombra”.

CENIZA

Sólo aguas en tregua
nacidas para ser ceniza múltiple del viento.
Ya ves que paradoja
amor, qué despropósito,
quería ser ave fénix,
amor, que engaño,
que fraude sustentaba mi proyecto,
quería volver como un corcel glorioso,
como un crepúsculo de llama
recurrente
y amanecer contigo en lo absoluto.

Encontramos estos poemas, el primero, “Tumba de pájaro” en la antología “Mujeres de carne y verso. Antología poética femenina en lengua española del siglo XX”, edición de Manuel Francisco Reina (La esfera literaria Madrid, 2001) y el segundo “Ceniza” en Poetryalquimia.

EL SENDERO AZUL

Título original: O Último Azul

Año: 2025

Duración: 86 min.

País: Brasil

Dirección: Gabriel Mascaro

Guion: Gabriel Mascaro, Tibério Azul

Reparto: Denise Weinberg, Rodrigo Santoro, Miriam Socarrás, Adanilo, Rosa Malagueta, Clarissa Pinheiro, Dimas Mendonça, Daniel Ferrat, Heitor Lóris

Música: Memo Guerra


Fotografía: Guillermo Garza Morales

El *sendero azul*, dirigida por el director y guionista brasileño Gabriel Mascaro y escrita por él mismo junto con Tibério Azul, combina el drama distópico con un humor sutil y el ritmo aventurero de una *road movie*. Se trata de una fábula futurista sobre el envejecimiento dentro de un sistema burocrático asfixiante.

Seguimos a Tereza, de 77 años, que trabaja en las cámaras frigoríficas de un matadero de caimanes. La apertura marca la pauta: un cuerpo que se niega a petrificarse, un anhelo de juventud que choca con la lógica de la biología. Pero a sus 77 años recibe una noticia impactante: al volver a casa del trabajo, se entera de que debe ir a «la Colonia». Oficialmente, se trata de un lugar donde las personas mayores pueden pasar sus últimos años sin preocupaciones, un gesto de gratitud, según el Gobierno. Para Tereza, sin embargo, se siente como una deportación.

En lugar de resignarse a esta etapa de la vida que le han impuesto, opta por la aventura. Decide escapar y cumplir un deseo que lleva mucho tiempo acariciando: ver el mundo desde un avión. Así comienza su extraordinario viaje por el Amazonas, decidida a recuperar su libertad y seguir su propio camino, a pesar de su edad.

El sendero azul describe un mundo con todo detalle: una sociedad en la que se aparta sistemáticamente a las personas mayores para que la generación más joven pueda ocuparse de sí misma sin molestias. Para las personas mayores, no se trata de una elección libre. Las patrullas recogen a los ancianos que se han fugado, mientras que algunos son delatados por sus propios conciudadanos. Así, quedan oficialmente excluidos de



la sociedad, a pesar de sus años de dedicación y lealtad. Esta imagen evoca asociaciones con una dictadura que manipula a sus ciudadanos mediante eslóganes y mensajes de radio. El hecho de que sistemas tan rígidos afecten también a personas como Tereza, que no necesita ayuda en absoluto, muestra lo vulnerables que son los individuos dentro de estructuras que lo abarcan todo. Este es uno de los puntos más conmovedores de la película.

Sin embargo, *El sendero azul* no es un drama triste ni un thriller político. Gabriel Mascaro le añade, por el contrario, una buena dosis de ironía y un humor sutilmente mordaz, lo que hace que la historia se mantenga desenfadada y esté llena de sorpresas. Tereza es una heroína encantadora; sus encuentros a lo largo del camino dan lugar a giros inesperados y pequeños milagros, magníficamente interpretados por un reparto excelente. Así, la pesadez del mundo original se desvanece y da paso a momentos de felicidad y asombro. La película es bella y poética; las imágenes hacen que el viaje de Tereza sea palpable y especial.

Osmundo Barros

1925: MATANZA DE LA CORUÑA (CHILE)

La cruenta lucha de los poderosos contra la reivindicación de la jornada de ocho horas, el pan, la salud y la dignidad obreras

La *Matanza de La Coruña* fue una masacre ocurrida en la pampa salitrera del Tamarugal, en Chile. El 5 de junio de 1925, cuando el gobierno chileno respondió a la reivindicación de los obreros de la sal por mejores condiciones laborales, un salario digno y una jornada de ocho horas soportable, con el asesinato, la tortura y la condena a cientos de familias a una vida en la indigencia más absoluta. Más de 2000 cadáveres de trabajadores y sus familias, hombres, mujeres y niños, cubrieron los campos salitreros de la región minera chilena, conocida por entonces como Galicia.

A principios de abril, entre el 7 y el 12, los obreros de numerosos centros salitreros –organizados por la Federación Obrera de Chile, en la que figuraba como uno de sus representantes más influyentes el sindicalista anarquista Carlos Garrido–, se declararon en huelgas locales. Reivindicaban las mejoras en sus condiciones laborales y salariales, la jornada máxima de trabajo de ocho horas y la atención a la salud y amparo de sus familias, obligadas a vivir en condiciones de insalubridad y miseria insostenibles.

La respuesta de las autoridades políticas, aleccionados por las compañías salitreras, fue la clausura de los periódicos *El Surco* (anarquista) y *El Despertar de los Trabajadores* (comunista). También se detuvo a más de 30 representantes sindicales, quienes fueron enviados por mar a Valparaíso, hacinándolos en condiciones inhumanas en el vapor Mapocho.

Al conocerse estos hechos, el 3 de junio, la Federación Obrera declaró una huelga general de 24 horas en todos los cantones salitreros de la zona, al mismo tiempo que los trabajadores de La Coruña, comandados por Carlos Garrido, tomaron las instalaciones de la salitrera. Los almacenes, bodegas, tiendas y depósitos de la compañía fueron asaltados por los trabajadores y sus provisiones distribuidas entre las familias del campamento. En la pequeña localidad de Alto San Antonio, se produjeron escaramuzas, cuando la policía intentó irrumpir en el local sindical donde se efectuaba un mitin, resultando muertos dos policías.

Ante la violencia de la policía y la gendarmería, la huelga general se transformó en la toma por los mineros de 124 oficinas salitreras y la paralización del puerto de

Iquique, así como el paro solidario de los ferroviarios y conductores de carretas de la provincia que se unieron a la huelga.

El gobierno respondió declarando a las provincias de Tarapacá y Antofagasta en estado de sitio y ordenando la subida inmediata del ejército. Los trabajadores permanecían atrincherados en las calicheras, armados con bombas de mano caseras, hechas con tarros de hojalata cargadas con pasta de dinamita minera, por si los militares intentaban acercarse. Sin embargo, el ejército, provisto de cañones,

ametralladoras y municiones de mayor alcance, se limitó a bombardear desde la distancia las instalaciones ocupadas y a ametrallar desde la distancia a todo aquél que tratase de huir.

En esa situación, los obreros y sus familias se retiraron con sus heridos, huyendo por la pampa, mientras los soldados les disparaban. Carlos Garrido envió un mensaje de cese al fuego al comandante, quien no lo aceptó. Garrido tuvo el valor de entregarse voluntariamente, asumiendo ser el único responsable por los hechos acaecidos, con la esperanza de que tal gesto detuviese la matanza. Fue fusilado esa misma noche en la cancha de fútbol de La Coruña y la matanza continuó.

Ocupada la oficina salitrera, los militares encarcelaron y torturaron en los corrales del matadero a los obreros y sus familias que pudieron capturar. Las persecuciones siguieron en otras oficinas salitreras que se habían plegado como las de Argentina, Barrenechea, San Enrique, San Pedro, Pontevedra y Vigo. En La Coruña no quedó hombre ni mujer ni niño con vida. Se les diezmó con granadas de artillería y, pese a las banderas de rendición, no se tomaron prisioneros. Según testimonios directos de los propios soldados “tras los bombardeos sobrevino una severísima represión, que dio origen –incluso– a un término siniestro, el ‘palomeo’, dispararle a un trabajador lejano, cuya cotona blanca y salto convulsivo –cuando era alcanzado por el tiro– le daban el aspecto de una paloma en vuelo”.

La horrenda matanza no logrará detener la insurrección obrera por la jornada de ocho horas y por unas condiciones laborales, habitabilidad y asistencia dignas. La lucha continuará, en Chile y en todas partes ...

M. Genofonte

